

MOCIÓN SOBRE O HORARIO DOS/AS CONCELEIROS/AS

PLENO 29 OUTUBRO 2015. ACTA 19/2015

Nas proposta de retribucións que o Partido Popular propuxo para o actual equipo de goberno, establecíase un incremento con respecto ao pasado mandato, en base a un incremento tamén das horas de adicación por parte dos concelleiros e concelleiras.

Aprobouse dita proposta, que especificaba o seguinte cómputo horario:

	Horas anuais	Horas mensuais	Horas semanais
Concelleir@s 1 (75%)	1.370	114	29
Concelleir@s 2 (25%)	1.096	91	23

Entendendo que parte do traballo dun concelleiro non pode ser presencial, tampouco é comprensible, por outra banda, que non poida ser fiscalizado; na medida en que debe responder a un soldo establecido en base a unha serie de horas de adicación á súa función como xestor do Concello de Redondela.

A día de hoxe podemos constatar como adicación ao Concello as seguintes horas semanais, pero atopamos sen xustificación a maioría do horario establecido:

Concelleiro/a	Horas establecidas	Atención ao público	Horas sen xustificar
Miguel A. Álvarez	29	6	23
M ^a Carmen Amoedo	29	6	23
M ^a José Barciela	29	5	24
Fco. Javier Alonso	29	4	25
Julio C. Mougán	23	3	20
Arturo González	23	4	19
Jesús Crespo	23	4	23
M ^a Teresa París	23	2	21

Sabemos que algúns dos membros do seu equipo de goberno cumpren, e incluso superan, o horario de adicación establecido. Pero entendemos que, en prol da transparencia, debemos establecer un modelo que permita fiscalizar, cando menos, o 70 % do horario establecido, como presencial.

É por iso que consideramos necesario que, ademais do horario de atención á cidadanía, debe establecerse un horario presencial no Concello equivalente ao 70% do horario establecido. Poderían xustificarse o resto das horas, non presenciais, mediante a publicación mensual da

axenda persoal de cada membro do equipo de goberno, na que consten as xestións realizadas fóra da casa consistorial.

Tamén poden xustificarse as horas presenciais incluíndo na axenda as horas fóra do Concello que sexan propias das funcións que corresponden en virtude do seu cargo. Por exemplo, a concelleira de Parques e Xardíns pode xustificar non estar na “Casa Consistorial” porque está supervisando as labores propias da súa área de servizo.

A modo de exemplo, axuntamos un modelo para a elaboración da axenda persoal de cada edil do equipo de goberno (só a modo de exemplo).

Por todo o mencionado, e salientando a necesidade desa transparencia que permita á veciñanza ser consciente das labores e adicación dos seus representantes, propoñemos ao pleno do Concello de Redondela o seguinte acordo:

Instar ao goberno local a:

- 1.- Publicación mensual dunha axenda coas xestións realizadas polo Alcalde.**
- 2.- Publicación mensual dunha axenda coas xestións realizadas polos concelleiros e concelleiras fóra do seu horario presencial.**
- 3.- Establecer un horario público no que conste a presenza dos diferentes concelleiros e concelleiras do equipo de goberno segundo o seguinte cadro:**

Concelleiro/a	Establecidas	Atención ao público	Horas presenciais de xestión	Axenda
Miguel A. Álvarez	29	6	14	9
M ^a Carmen Amoedo	29	6	14	9
M ^a José Barciela	29	5	15	9
Fco Javier Alonso	29	4	16	9
Julio C. Mougán	23	3	13	7
Arturo González	23	4	12	7
Jesús Crespo	23	4	12	7
M ^a Teresa París	23	2	14	7

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometida a moción a votación, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as asistentes, sendo once votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG)